



ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS)

Anexo III

Criterios xerais e específicos de valoración do Premio Extraordinario do curso 2022/2023

[Instrucións para realizar a solicitude](#)

[Ciencias e Enxeñarías e Ciencias da Saúde](#)

[Ciencias Sociais e Xurídicas e Artes e Humanidades](#)

INSTRUCCIÓN PARA REALIZAR A SOLICITUDE:

Cada persoa candidata deberá cubrir o documento **Modelo de solicitude**, dispoñible na web da EDIUS, e subilo á sede, xunto coa documentación xustificativa de cada mérito. O procedemento habilitado na Sede electrónica para realizar a solicitude é https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/CIEDUS_premioDoutoramento22_23.htm

No documento **Modelo de solicitude** a persoa candidata identificará, describirá e xustificará cada mérito incluído na súa solicitude, e indicará expresamente, agás para os méritos das mencións internacional, industrial, cotutela e tese redactada en galego:

- a) A relación directa de cada mérito coa tese, e a parte, sección ou páxinas da tese onde se reflicte esta relación.
- b) Os indicios de calidade dos méritos, cando corresponda.
- c) A contribución expresa do/a candidato/a na creación do mérito.

Os documentos xustificativos de cada mérito presentado correspóndense, exclusivamente, con aqueles que se obtiveran desde o inicio dos estudos de doutoramento ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente, e dentro deste período, só poderán alegarse como méritos aquelas contribucións, actividades e publicacións manifestamente vinculadas coa investigación efectuada para a tese.

Ciencias e Enxeñarías e Ciencias da Saúde

1. A PUNTUACIÓN DA TESE

Avaliación da tese efectuada polos membros do tribunal na defensa (máximo 20 puntos)

A puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado farase por parte da EDIUS sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 4.

2. A PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

Os cinco méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística derivados da propia tese (máximo 55 puntos)

- A persoa candidata poderá presentar un máximo de cinco méritos a escoller entres as seguintes categorías: artigos en revistas; libros e capítulos de libros; comunicacións e contribucións presentadas en congresos, conferencias, seminarios; patentes e rexistros de *software*.
- Cada mérito presentado conterá un único ítem (un só artigo, un só capítulo de libro, unha soa ponencia en Congreso, etc).

a) Artigos en revistas: ata 11 puntos por cada contribución

Valoraranse preferentemente artigos publicados en revistas de recoñecida valía internacional e nacional, especialmente as que ocupen posicións relevantes en índices de referencia na súa categoría/área de coñecemento segundo o establecido na Resolución de 5 de decembro de 2023, da Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, pola que se publican os criterios para a avaliación da actividade investigadora (BOE núm. 300, de 16 de decembro de 2023). Terase en conta tamén a relevancia da aportación na área que corresponda e a contribución do/a doutorando/a á publicación segundo o indicado no Modelo de solicitude, ademais da indexación e os indicadores de calidade das publicacións que considere pertinentes a persoa candidata debidamente xustificadas no Modelo de solicitude.

Revistas indexadas

Para o cálculo do cuartil terase en conta o *JCR Science Edition* do ano da publicación do artigo segundo a seguinte escala:

- (C1): entre 8 e 11 puntos.
- (C2): entre 5 e 7 puntos.
- (C3): entre 3 e 4 puntos.
- (C4): entre 1 e 2 puntos.

Revistas non indexadas

- En editorial internacional: 0.50 puntos

- En editorial nacional: 0.20 puntos

b) *Libros e capítulos de libros (con ISBN): ata 11 puntos por contribución*

Na avaliación terase en conta o prestixio da editorial, o seu proceso de selección e a avaliación dos manuscritos, así como a indexación e os indicadores de calidade das publicacións que considere pertinentes a persoa candidata debidamente xustificadas no Modelo de solicitude.

Só se terán en conta neste apartado os libros completos e capítulos de libros directamente relacionados coa tese de doutoramento; non se terán en conta as publicacións de actas de congresos.

En todo caso, para ter a consideración de capítulo de libro o documento deberá ter unha extensión mínima de mínima de 5000 palabras., excluíndose aqueles capítulos nos libros nos que a/o candidato/a ou algún dos/as seus directores/as de tese sexan editores/as. A suma da valoración dos capítulos publicados nunha mesma obra non pode superar os 11 puntos.

Autorías de libros

- Libro completo en editorial de recoñecido prestixio de ámbito internacional: entre 8 e 11 puntos.
- Libro completo en editorial de recoñecido prestixio de ámbito nacional: entre 5 e 7 puntos.
- Capítulo de libro de recoñecido prestixio de ámbito internacional: entre 4 e 6 puntos.
- Capítulo de libro de recoñecido prestixio de ámbito nacional: entre 1 e 3 puntos.

En ningún caso a suma da puntuación de dous ou máis capítulos nunha mesma obra poderá ser superior á recibida pola elaboración dun libro completo.

Edición de libros

- Libro en editorial de recoñecido prestixio de ámbito internacional: ata 6 puntos.
- Libro en editorial de recoñecido prestixio de ámbito nacional: ata 3 puntos.

No caso de que a persoa solicitante sexa editora e autora dun ou máis capítulos nun mesmo libro, só se poderá presentar un dos dous méritos (editor ou autor).

c) *Comunicacións e contribucións presentadas en congresos, conferencias, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica: ata 4 puntos por contribución.*

Terase en conta o carácter internacional ou nacional do congreso e o tipo de participación, e sempre que involucre resultados da investigación da tese. Quedan excluídos os congresos promovidos polo grupo de investigación ao que estea vinculado o/a director/a da tese do/a candidato/a ou aqueles asociados a un proxecto do cal o/a

director/a sexa IP.

- Ponencias e conferencias plenarias por invitación en conferencias internacionais: 4 puntos.
- Ponencias e conferencias plenarias por invitación en conferencias nacionais: 2 puntos.
- Comunicación oral en congreso internacional: 1 punto (autor que faga a presentación).
- Comunicación póster en congreso internacional: 0,5 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).
- Comunicación oral en congreso nacional: 0,75 puntos (autor que faga a presentación).
- Comunicación póster en congreso nacional: 0,25 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).
- Acta en compendio de congreso internacional (con ISBN): 0,5 puntos.
- Acta en compendio de congreso nacional (con ISBN): 0,25 puntos.

Cando a contribución presentada sexa publicada na forma de *proceeding* cunha extensión superior ás 5 páxinas en actas que sexan vehículos de difusión do coñecemento comparables ás revistas incluídas no *JCR Science Edition* -como, por exemplo, as listaxes en posición relevantes do índice *Computing Research on Education*, *CORE*, o *Índice da Sociedade Informática de España*, *SCIE*, ou de similar entidade, esta contribución valorarase como un artigo JCR do C2 ou C3 en función de aspectos como o lugar que ocupa a contribución nos devanditos índices.

Enténdese por congreso ou xuntanza internacional aquela que reúna algún dos seguintes requisitos, que debe acreditar a persoa solicitante:

- Que a súa organización corra a cargo dun organismo ou asociación de ámbito internacional.
- Que o congreso conte cun Comité Científico composto por membros pertencentes a institucións de tres ou máis países.

d) *Patentes e rexistros de programas: ata 20 puntos por contribución*

No caso das patentes, valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. De non ser o caso, só se valorarán se a concesión se levou a cabo con exame previo (tipo B2). Terase en conta a extensión da patente (nacional ou internacional), valorándose máis a de meirande extensión.

- En explotación con extensión internacional: entre 12 e 20 puntos.
- En explotación con extensión nacional: entre 8 e 11 puntos.
- Concedida pero non en explotación con extensión internacional (só tipo B2): entre 4 e 8 puntos.
- Concedida pero non en explotación e con extensión nacional (só tipo B2):

entre 2 e 4 puntos.

- Admitida a trámite con extensión internacional (só tipo B2): entre 1,5 e 3 puntos.
- Admitida a trámite con extensión nacional (só tipo B2): entre 0,5 e 1,5 puntos.

No caso dos rexistros de *software* e propiedade intelectual, se están en explotación se lles outorgarán 11 puntos; para os que non estean en explotación, 2,5 puntos. Para acreditar o anterior será imprescindible presentar como evidencia o acordo comercial de transferencia coa empresa para explotación do software.

Ás puntuacións individuais anteriores dos apartados 2a, 2b, 2c e 2d poderáselles aplicar un factor de corrección segundo o número de autores total da contribución e a aportación concreta do/a doutorando/a:

< 11 autores: 1.00

de 11 a 20 autores: 0.75

de 21 a 40 autores: 0.5

> 40 autores: 0.25

No caso de que algún candidato supere os 55 puntos neste apartado, aplicarase a fórmula:

$$P_f = 55 \times (P/P_m)$$

sendo P_f a puntuación final do candidato, P a puntuación do candidato sen corrixir, e P_m a puntuación obtida polo candidato con maior puntuación sen corrixir.

3. OUTROS MÉRITOS RELACIONADOS COA TESE

Actividades, eventos e outro tipo de indicios derivados da investigación realizada para a tese de doutoramento que revelen o impacto científico e social desta, sendo imprescindible xustificar o vínculo coa tese no apartado correspondente do Modelo de solicitude (máximo 25 puntos).

- A persoa candidata poderá presentar méritos só en catro categorías como máximo, a escoller entre as seguintes: mención internacional; mención industrial; cotutela vía convenio; innovación; transferencia; premios; mobilidade e fomento da investigación en galego.
- Nas categorías de mención de industrial, cotutela vía convenio e tese redactada en galego non é necesario aportar documentación, pero deben marcarse como mérito no **Modelo de solicitude** para ser valoradas.
- Na categoría de mención internacional é imprescindible indicar que estadias se realizaron, e aportar a xustificación. Estas estadias non poderán ser presentadas no mérito de mobilidade.

- Nas categorías de innovación, transferencia, premios e fomento da investigación en galego poderanse presentar ata tres ítems distintos nun único PDF como documentación agregada.
- Na categoría de mobilidade poderanse presentar, nun único PDF, todas as mobilidades realizadas superiores a un mes que cumpran cos requisitos do apartado, excluíndo as realizadas para optar tanto á cotutela como á mención internacional.

a) *Mencións e cotutela*

- Europea/Internacional: 7,5 puntos.
Se a persoa candidata quere presentar, ademais da mención internacional, outras estadias no apartado de mobilidade, estas deberán ser diferentes daquela que dera lugar á esta mención.
- Mención Doutoramento Industrial: 7,5 puntos.
- Tese en Cotutela vía convenio: 7,5 puntos.

b) *Grao de innovación da tese: ata 7,5 puntos*

- Tese que se desenvolveu no marco dun contrato cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica, e que non conduce á obtención dun doutoramento industrial: ata 4 puntos.
- Tese que deu lugar á creación dunha empresa de base tecnolóxica: ata 7,5 puntos. Será imprescindible xustificar documentalmente este mérito a través de evidencias nas que figure o/a doutorando/a como fundador da empresa.
- Tese que incorpora aspectos teórico-metodolóxicos que supoñan unha innovación na área de coñecemento, acreditado mediante un informe previo razoado do/a doutorando/a ratificado pola Comisión Académica do programa de doutoramento correspondente: ata 3 puntos.

c) *Produtos que representen transferencia de coñecemento, como comisariado de exposicións, escavacións arqueolóxicas, redacción de informes de impacto social, creación de materiais de divulgación científica, organización de eventos científicos, etc., directamente relacionados coa tese doutoral: ata 7 puntos.*

d) *Premios concedidos por entidades de recoñecido prestixio, e axudas competitivas, excluídos os premios concedidos a pósteres e contribucións a congresos.*

- Os premios Internacionais valoraranse ata 10 puntos
- Os premios nacionais valoraranse ata 7 puntos.
- Axudas competitivas, en función do impacto para a investigación conducente á tese, que financiaron a investigación ou que se derivaron desta, valorarase ata 5 puntos.

e) *Mobilidades de duración mínima dun mes efectuadas durante os estudos de doutoramento (exclúense os 3 meses mínimos necesarios para a obtención da mención internacional; nas teses en cotutela non se considerarán as estadias de 6*

meses requiridos e as adicionais realizadas nas universidades asinantes do convenio de cotutela): 2 puntos/mes, ata un máximo de 10 puntos. Deberase xustificar documentalmente aportando todos os certificados de estadia.

f) *Fomento da investigación en lingua galega*: ata 5 puntos.

- Redacción da tese de doutoramento na lingua galega: 4 puntos.
- Actividades de divulgación científica en galego: ata 2 puntos
- Comunicaci3ns científicas en galego: ata 2 puntos.
- Outras actividades relacionadas coa tese en galego: ata 1 punto

En caso de que alg3n candidato supere os 25 puntos neste apartado, aplicarase a f3rmula:

$$P_f = 25 \times (P/P_m)$$

sendo P_f a puntuaci3n final da persoa candidata, P a puntuaci3n obtida pola persoa candidata sen ponderar, e P_m a maior puntuaci3n obtida por algunha das persoas solicitantes neste apartado.

Ciencias Sociais e Xurídicas e Artes e Humanidades

1. A PUNTUACIÓN DA TESE

Avaliación da tese efectuada polos membros do tribunal na defensa (máximo 20 puntos)

A puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado farase por parte da EDIUS sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 4.

2. A PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

Os cinco méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística derivados da propia tese (máximo 55 puntos)

- A persoa candidata poderá presentar un máximo de cinco méritos a escoller entres as seguintes categorías: artigos en revistas; libros e capítulos de libros; comunicacións e contribucións presentadas en congresos, conferencias, seminarios; patentes e rexistros de *software*.
- Cada mérito presentado conterá un único ítem (un só artigo, un só capítulo de libro, unha soa ponencia en Congreso, etc.).

a) Artigos en revistas: ata 11 puntos por cada contribución científica.

Valoraranse preferentemente artigos publicados en revistas de recoñecida valía internacional e nacional, especialmente as que ocupen posicións relevantes en índices de referencia na súa categoría/área de coñecemento segundo o establecido na Resolución de 5 de decembro de 2023, da Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, pola que se publican os criterios para a avaliación da actividade investigadora (BOE núm. 300, de 16 de decembro de 2023). Terase en conta tamén a relevancia da aportación na área que corresponda e a contribución do/a doutorando/a á publicación segundo o indicado no Modelo de solicitude, ademais da indexación e os indicadores de calidade das publicacións que considere pertinentes a persoa candidata debidamente xustificadas no Modelo de solicitude.

Revistas indexadas

A valoración por artigo e cálculo do cuartil terase en conta a indexación da revista segundo os criterios da CNEAI correspondentes a cada área de coñecemento (índice de impacto, posición da revista en relación coas da súa área e categoría, etc.).

- (C1): entre 8 e 11 puntos.
- (C2): entre 5 e 7 puntos.
- (C3): entre 3 e 4 puntos.
- (C4): entre 1 e 2 puntos.

Revistas non indexadas

- o En editorial internacional: 0.50 puntos
- o en editorial nacional: 0.20 puntos

b) Libros e capítulos de libros con ISBN publicados: ata 11 puntos por contribución

Na avaliación terase en conta o prestixio da editorial, o seu proceso de selección e a avaliación dos manuscritos. Como referencia empregarase a clasificación por disciplinas do SPI do ano inmediatamente anterior á data de publicación do mérito. Tamén se poderá valorar a indexación e os indicadores de calidade das publicacións que considere pertinentes a persoa candidata debidamente xustificadas no Modelo de solicitude.

Só se terán en conta neste apartado os libros completos e capítulos de libros directamente relacionados coa tese de doutoramento; non se terán en conta as publicacións de actas de congresos.

En todo caso, para ter a consideración de capítulo de libro o documento deberá ter unha extensión mínima de mínima de 5000 palabras., excluíndose aqueles capítulos nos libros nos que a/o candidato/a ou algún dos seus directores de tese son editores. A suma da valoración dos capítulos publicados nunha mesma obra non pode superar os 11 puntos.

Autorías de libros

- o Libro completo en editorial de recoñecido prestixio de ámbito internacional: ata 11 puntos en C1; ata 8 puntos en C2; ata 5 puntos en C3; ata 3.5 puntos en C4.
- o Libro completo en editorial de recoñecido prestixio de ámbito nacional: ata 8 puntos en C1; ata 6 puntos en C2; ata 4 puntos en C3; ata 2 puntos en C4.
- o Capítulo de libro de recoñecido prestixio de ámbito internacional: ata 6 puntos en C1; ata 4 en C2 e ata 2.5 puntos en C3; ata 1.5 puntos en C4.
- o Capítulo de libro de recoñecido prestixio de ámbito nacional: ata 3.5 puntos en C1; ata 2.5 puntos en C2; ata 1.5 puntos en C3; ata 0.5 puntos en C4.

Edición de libros

- o Libro internacional: ata 5 puntos en C1; ata 3 en C2; ata 1.5 puntos en C3; ata 0.5 en C4.
- o Libro nacional: ata 3 puntos en C1, ata 3 puntos en C2; ata 1 punto en C3; ata 0.25 en C4.

No caso de que a persoa solicitante sexa editora e autora dun ou máis capítulos nun mesmo libro, só se poderá presentar un dos dous méritos (editor ou autor).

c) Aportacións a congresos, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica e recoñecida traxectoria: ata 4 puntos por contribución

Terase en conta o carácter internacional ou nacional do congreso e o tipo de participación, e sempre que involucre resultados da investigación da tese. Quedan

excluídos os congresos promovidos polo grupo de investigación ao que estea vinculado os/as directores/as da tese do/a candidato/a ou asociados a un proxecto do cal os/as directores/as sexa IP.

- Ponencias e conferencias plenarias por invitación internacionais: ata un máximo de 4 puntos.
- Ponencias e conferencias plenarias por invitación nacionais: ata un máximo de 2 puntos.
- Comunicación oral en congreso internacional: ata 1 punto (autor que faga a presentación).
- Comunicación póster en congreso internacional: ata 0.5 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).
- Comunicación oral en congreso nacional: 0.75 puntos (autor que faga a presentación).
- Comunicación póster en congreso nacional: ata 0.25 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).
- Acta en compendio de congreso internacional (con ISBN): 0,5 puntos.
- Acta en compendio de congreso nacional (con ISBN): 0,25 puntos.

Enténdese por congreso ou xuntanza internacional aquela que reúna algún dos seguintes requisitos, que debe acreditar a persoa solicitante:

- Que a súa organización corra a cargo dun organismo ou asociación de ámbito internacional.
- Que o congreso conte cun Comité Científico composto por membros pertencentes a institucións de tres ou máis países.

d) Patentes e rexistros de programas: ata 20 puntos por contribución

No caso das patentes, valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. De non ser o caso, só se valorarán se a concesión se levou a cabo con exame previo (tipo B2). Terase en conta a extensión da patente (nacional ou internacional), valorándose máis a de meirande extensión.

- En explotación con extensión internacional: entre 12 e 20 puntos.
- En explotación con extensión nacional: entre 8 e 12 puntos.
- Concedida pero non en explotación con extensión internacional (só tipo B2): entre 4 e 8 puntos.
- Concedida pero non en explotación con extensión nacional (só tipo B2): entre 2 e 5 puntos.
- Admitida a trámite con extensión internacional (só tipo B2): entre 1,5 e 3 puntos.
- Admitida a trámite con extensión nacional (só tipo B2): entre 0,5 e 1,5 puntos.

- Admitida a trámite con extensión internacional (só tipo B2): entre 1,5 e 3 puntos.
- Admitida a trámite con extensión nacional (só tipo B2): entre 0,5 e 1,5 puntos.

No caso dos rexistros de software e propiedade intelectual, se están en explotación se lles outorgarán 11 puntos; para os que non estean en explotación, 2.5 puntos. Para acreditar o anterior será imprescindible presentar como evidencia o acordo comercial de transferencia coa empresa para explotación do software.

Ás puntuacións individuais anteriores dos apartados 2a, 2b, 2c e 2d se lles poderá aplicar un factor de corrección segundo o número de autores total da contribución e a aportación concreta do/a doutorando/a, xustificada no formulario de solicitude:

Ata 4 autores: 1,00

De 5 a 8 autores: 0,75

De 8 a 12 autores: 0,5

Máis de 12 autores: 0,25

En caso de que algún candidato supere os 55 puntos neste apartado, aplicarase a fórmula:

$$P_f = 55 \times (P/P_m)$$

sendo P_f a puntuación final do candidato, P a puntuación do candidato sen corrixir, e P_m a puntuación obtida polo candidato con maior puntuación sen corrixir.

3. OUTROS MÉRITOS RELACIONADOS COA TESE

Actividades, eventos e outro tipo de indicios derivados da investigación realizada para a tese de doutoramento que revelen o impacto científico e social desta, sendo imprescindible xustificar o vínculo coa tese (máximo 25 puntos).

- A persoa candidata poderá presentar méritos só en catro categorías como máximo, a escoller entre as seguintes: mención internacional, mención industrial, cotutela vía convenio; innovación; transferencia; premios; mobilidade e fomento da investigación en galego.
- Nas categorías de mención de industrial, cotutela vía convenio e tese redactada en galego non é necesario aportar documentación, pero deben marcarse como mérito no **Modelo de solicitude** para ser valoradas.
- Na categoría de mención internacional é imprescindible indicar que estadias se realizaron, e aportar a xustificación. Estas estadias non poderán ser presentadas no mérito de mobilidade.
- Nas categorías de innovación, transferencia, premios e fomento da investigación en galego poderanse presentar, nun único PDF, ata tres ítems distintos como documentación agregada.

- Na categoría de mobilidade poderanse presentar, nun único PDF, todas as mobilidades realizadas superiores a un mes que cumpran cos requisitos do apartado, excluindo as realizadas para optar tanto á cotutela como á mención internacional.
 - a) *Mencións e cotutela*
 - Europea/Internacional: 7,5 puntos.

Se a persoa candidata quere presentar, ademais da mención internacional, outras estadias no apartado de Mobilidade, estas deberán ser diferentes daquela que deira lugar á esta mención.
 - Mención Doutoramento Industrial: 7,5 puntos.
 - Tese en Cotutela vía convenio: 7,5 puntos.
 - b) *Grao de innovación da tese*: ata 7,5 puntos
 - Tese que se desenvolveu no marco dun contrato cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica, e que non conduce á obtención dun doutoramento industrial: ata 4 puntos.
 - Tese que deu lugar á creación dunha empresa de base tecnolóxica: ata 7,5 puntos. Será imprescindible xustificar documentalmente este mérito a través de evidencias nas que figure o/a doutorando/a como fundador da empresa.
 - Tese que incorpora aspectos teórico-metodolóxicos que supoñan unha innovación na área de coñecemento, acreditado mediante un informe previo razoado do/a doutorando/a ratificado pola Comisión Académica do programa de doutoramento correspondente: ata 3 puntos.
 - c) *Produtos que representen transferencia de coñecemento*, como comisariado de exposicións, escavacións arqueolóxicas, redacción de informes de impacto social, creación de materiais de divulgación científica, organización de eventos científicos, etc., directamente relacionados coa tese doutoral: ata 7 puntos.
 - d) *Premios concedidos por entidades de recoñecido prestixio, e axudas competitivas*, excluídos os premios concedidos a pósteres e contribucións a congresos.
 - Os premios Internacionais valoraranse ata 10 puntos
 - Os premios nacionais valoraranse ata 7 puntos.
 - Axudas competitivas, en función do impacto para a investigación conducente á tese, que financiaron a investigación ou que se derivaron desta, valorarase ata 5 puntos.
 - e) *Mobilidades* de duración mínima dun mes efectuadas durante os estudos de doutoramento (exclúense os 3 meses mínimos necesarios para a obtención da mención internacional; nas teses en cotutela non se considerarán as estadias de 6 meses requiridos e as adicionais realizadas nas universidades asinantes do convenio de cotutela): 2 puntos/mes, ata un máximo de 10 puntos. Deberase xustificar documentalmente aportando todos os certificados de estadia.

- f) *Fomento da investigación en lingua galega*: ata 5 puntos.
- Redacción da tese de doutoramento na lingua galega: 4 puntos.
 - Actividades de divulgación científica en galego: ata 2 puntos
 - Comunicaci3ns científicas en galego: ata 2 puntos.
 - Outras actividades relacionadas coa tese en galego: ata 1 punto

En caso de que alg3n candidato supere os 25 puntos neste apartado, aplicarase a f3rmula:

$$P_f = 25 \times (P/P_m)$$

sendo P_f a puntuaci3n final da persoa candidata, P a puntuaci3n obtida pola persoa candidata sen ponderar, e P_m a maior puntuaci3n obtida por algunha das persoas solicitantes neste apartado.